

PLAN DE ACTUACIÓN PARA O EJERCICIO 2020

ENTIDADE	Fundación Deporte Galego
CIF	G-15769383
NÚMERO DE REXISTRO	2001/12
EJERCICIO	2020

DATOS DA ENTIDADE:

DOMICILIO	Rúa Madrid 2-4, 2º andar
LOCALIDADE	Santiago de Compostela
CÓDIGO POSTAL	15781
PROVINCIA	A Coruña
CORREO ELECTRÓNICO	fundaciondeportegalego.pr@xunta.gal
TELÉFONO	881 996 373
PERSOA DE CONTACTO	Iván Clavel San Emeterio (Director-Xerente)

INDICE

1. DESCRICIÓN DA ENTIDADE	4
2. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLAN ESTRATÉXICO DA FUNDACIÓN PARA 2020.	7
3. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN PARA 2020.....	9
4. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE.....	17
5. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE.....	18
6. MEMORIA EXPLICATIVA DO CUMPRIMENTO DO OBXECTO FUNDACIONAL MEDIANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLAN DE ACTUACIÓN	19

Conforme o artigo 39 da Lei 12/2006, do 1 de decembro, de Fundacións de Interese Galego (Plan de actuación):

- O Padroado elaborará e remitiralle ao protectorado, nos últimos tres meses de cada exercicio, un plan de actuación, no que queden reflectidos os obxectivos, as actividades que se prevexan desenvolver durante o exercicio seguinte, unha previsión das partidas de ingresos e gastos calculados e máis unha memoria explicativa do mesmo plan de actuación.
- Este plan de actuación deberáselle presentar ao protectorado acompañado da certificación de aprobación por parte do padroado da fundación, que as depositará no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

1. DESCRIPCIÓN DA ENTIDADE

Ó abeiro do dereito recoñecido no artigo 34.1 da Constitución española, a Fundación foi constituída pola Xunta de Galicia, como fundación de interese galego para o fomento do deporte e a práctica deportiva no seu ámbito de actuación. A Fundación, constituída sen ánimo de lucro está declarada de interese galego por Orde do 19 de xuño de 2001, no que o patrimonio está afectado de forma permanente á realización dos fins de interese xeral que constitúen o seu obxecto. Ten a consideración de medio propio e instrumental da Xunta de Galicia, o que implica a súa vinculación ó réxime dos artigos 47 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Está adscrita á Secretaría Xeral para o Deporte.

Servido ao interese xeral de Galicia e de acordo a os estatutos aprobados no padroado, de 31 de marzo de 2016, a Fundación ten por finalidade a promoción e incentivo do deporte e da actividade física en Galicia, comprendéndose nestes ámbitos tanto as actividades deportivas competitivas como calesquera outras vertentes do eido deportivo e da actividade física, como son o ámbitos educacional, a saúde ou, entre outros, os ligados á vertente económica do deporte e ás súas función sociais. Para todo isto, a Fundación, tal e como establecen os seus estatutos, poderá levar a cabo, entre outras, as seguintes actividades:

- Colaboración coas administracións e con institucións e entidades, públicas e privadas, en calquera actividades, accións e programas, que coadxuven ao mellor cumprimento dos seus fins fundacionais.
- Organización e/ou apoio, de eventos deportivos e outras actividades e accións relacionadas cos seus fins, a celebrar na comunidade autónoma galega, ou fóra dela cando sexa de interese para aquela, así como

participación, apoio, patrocinio, ou calquera outra forma de colaboración, na realización de actividades, programas e eventos vinculados ao ámbito deportivo, organizados por outras persoas, entidades ou institucións, públicas ou privadas.

- Fomento da actividade física e do deporte base e de alta competición en Galicia.
- Realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as.
- Realización de actividades formativas e divulgativas nos ámbitos de interese para a Fundación, así como a edición de publicacións e outros soportes informativos, relacionados cos fins fundacionais.
- Realización de patrocinios, outorgamento de becas e concesión de axudas no ámbito dos seus fins.
- Construción e/ou xestión, directa ou indirecta, de instalacións deportivas, públicas e privadas, podendo a Fundación, no seu caso, fixar os prezos a percibir polos servizos prestados aos/ás usuarios/as atendendo ao estipulado pola lexislación en vigor.
- Xestión de instalacións deportivas pertencentes á administración autonómica. A fundación xestionará, directa ou indirectamente, as instalacións e servizos seguidamente referenciados e de titularidade da comunidade autónoma galega:
 - Complexo Deportivo de Elviña (A Coruña)
 - Complexo Deportivo de A Sardiñeira (A Coruña)
 - Complexo Deportivo de Agra I (A Coruña)
 - Pavillón polideportivo Agra II (A Coruña)

- Pavillón polideportivo Elviña II (A Coruña)
- Pavillón polideportivo de Montes das Moas (A Coruña)
- Pavillón polideportivo de Monte Alto (A Coruña)
- Parques deportivo e acuático, e instalacións anexas, de Acea de Ama (Culleredo, A Coruña)
- Complexo deportivo de Monterrei (Pereiro de Aguiar, Ourense)"

2. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLAN ESTRATÉXICO DA FUNDACIÓN PARA 2020.

A Fundación Deporte Galego pretende fomentar e incrementar a práctica deportiva e a actividade física na poboación galega, buscando os seus beneficios máis alá da mera competición, no ámbito da saúde e da economía, e utilizando aproveitando as súas funcións educativa e social. Para iso realizaranse actuacións durante o 2020 en tres grandes liñas.

A primeira liña de actuación centrarase no apoio ao deporte de alto nivel. O obxectivo fundamental nesta liña é incrementar o número de entidades e dos recursos para as mesmas. Asemade, desenvolver accións formativas de calidade para os deportistas co obxectivo de facilitarlles a incorporación ao mundo laboral unha vez finalizada a súa carreira deportiva. Levaranse a cabo convenios de patrocinio cos clubs galegos de alta competición, a convocatoria de axudas aos deportistas galegos de alto nivel e o patrocinio na organización de eventos deportivos de carácter autonómico, nacional e internacional.


A segunda liña continuará co desenvolvemento do Plan Galicia Saudable, en colaboración coa Secretaría Xeral para o Deporte, baixo a perspectiva da promoción da saúde. Preténdese o fomento da práctica de actividade física, a loita contra o sedentarismo e a mellora da condición física en toda a poboación. Reforzarase a colaboración coa comunidade científica que fundamente a eficacia das actuacións a desenvolver. As actuacións coordinadas coas diferentes Consellerías será fundamental na consecución deste obxectivo, consolidando as TIC como ferramentas imprescindibles.

A terceira liña de actuación abordará o deseño de programas físico-deportivos nas instalacións xestionadas directamente pola fundación, así como a

supervisión e control das realizadas polas empresas concesionarias nas xestións indirectas.

Finalmente, preténdese integrar os principios de igualdade e inclusión de maneira transversal nas actuacións da Fundación, na práctica deportiva en xeral e na de alto nivel en particular.

En liña co Plan Estratéxico de Galicia (PEG), o eixo e o obxectivo estratéxico do PEG entorno ao que xirará a actuación da Fundación así como o obxectivo xeral que se persegue para o exercicio 2020 son os seguintes:



3. ACTIVIDADES DA FUNDACIÓN PARA 2020

As actividades a desenvolver pola Fundación no exercicio 2020 son as seguintes:

ACTIVIDADE A001. FOMENTO DA ACTIVIDADE FÍSICA A TRAVÉS DO PLAN GALICIA SAUDABLE

A. Identificación.

Denominación da actividade	Fomento da actividade física a través do Plan Galicia Saudable
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G01: Deportivo para a poboación en xeral
Lugar de desenvolvemento da actividade	Toda Galicia

Descrición da actividade prevista.

Dende o 2011 o Plan Galicia Saudable **desenvolve** intervencións intentando chegar a tódalas idades, en diferentes ámbitos como o laboral, o educativo ou o sanitario e prestando atención a grupos especiais para garantir a igualdade de oportunidades: mulleres, persoas con discapacidade e outros colectivos en risco de exclusión social.

Coa axuda da Cátedra asinada coa Universidade da Coruña, preténdese este ano avaliar o nivel de implantación do plan, así como o establecemento de novas actuacións para os seguintes anos. Atendendo aos diferentes ámbitos nos que se estrutura o Plan, preténdese incidir nos seguintes aspectos:

▪ **ÁMBITO LOCAL-COMUNITARIO:**

- Organización de xornadas formativas para os técnicos deportivos municipais, co obxectivo de profundar nos modelos de actuación de promoción de actividade física e a súa avaliación e seguimento en todo o ciclo vital da cidadanía.
- Organización de mesas de traballo coas entidades locais para xerar redes de traballo interdisciplinares para a creación dun censo oficial de instalacións convencionais e non convencionais co obxectivo da promoción de vida activa e deportiva.

▪ **ÁMBITO EDUCATIVO:**

- Ampliación dos colectivos de actuación dos programas de fomento da actividade física e da plataforma DAFIS no ámbito educativo iniciados ao abeiro do Plan Proxecta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- Establecemento de incentivos para os centros educativos que estean participando de xeito continuado nestes programas e que acrediten melloras da saúde na comunidade escolar, polo desenvolvemento das súas actuacións.

▪ **ÁMBITO LABORAL:**

- Colaboración na organización de xornadas formativas e mesas de traballo con diferentes departamentos das administracións públicas, responsables da xestión e a coordinación das políticas que nas materias de seguridade, hixiene e saúde laboral establezan os poderes públicos, como por exemplo o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral.

▪ **ÁMBITO SANITARIO:**

- Deseño e posta en práctica de modelos de actuación conxunta para a promoción da actividade física saudable na que exista unha coordinación efectiva entre os facultativos e outros axentes do sistema sanitario e os profesionais da actividade física.
- Xornadas formativas e divulgativas entre a Fundación Deporte Galego e a Consellería de Sanidade, favorecendo os estilos de vida saudables.

▪ **PERSOAS MAIORES:**

- Deseño e posta en práctica de modelos de actuación conxunta para a promoción da actividade física saudable entre a Consellería de Sanidade, os concellos e a Consellería de Política Social.
- Xornadas formativas e divulgativas sobre envellecemento activo, con modelos de intervención comúns nos centros de maiores

▪ **NOVAS TECNOLOXÍAS:**

- Mellora da web galiciasaudable.xunta.gal co obxectivo de xerar un banco de ferramentas no marco dunha Galicia máis activa.
- Mellora da plataforma galiciactiva.xunta.gal como ferramenta na procura de actividades, eventos e instalacións deportivas para a práctica de actividade física.
- Creación dunha plataforma para a prescrición e seguimento da práctica de actividade física por profesionais, ademáis dunha App para o seguimento da actividade realizada por parte dos usuarios.
- Mellora da plataforma DAFIS de valoración da condición física saudable para a súa aplicación en diferentes ámbitos e modelos de actuación.

B. Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número (previsto)	Nº horas/ano (previsto)
Persoal asalariado	8	7.992
Persoal con contrato de servizos	0	0
Persoal voluntario	0	0

C. Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número (previsto)
Persoas físicas	210.000 de forma directa
Persoas xurídicas	2.277
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	4

D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Incrementar o número de persoas físicas e entidades beneficiarias directas do Plan	Número de persoas beneficiarias	Incremento 5% ano
Incrementar o número de recursos dispoñibles na aplicación web galiciaactiva.xunta.gal	Número de recursos dispoñibles	Incremento 5% ano
Incrementar o número de alumnos/as avaliados a través da plataforma DAFIS	Número de alumnos avaliados	Incremento 10% ano
Organizar xornadas formativas e divulgativas	Número de xornadas	4 xornadas

**ACTIVIDADE A002. AXUDAS E PROGRAMA DE ATENCIÓN AOS/ÁS
DEPORTISTAS GALEGOS/AS DE ALTO NIVEL**

A. Identificación.

Denominación da actividade	Axudas e programa de atención aos/ás deportistas de alto nivel
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G99: Deportivo para outros grupos
Lugar de desenvolvemento da actividade	Toda Galicia

Descrición da actividade prevista.

Esta actuación pretende establecer un programa de apoio aos deportistas galegos que polo seu nivel deportivo precisan unha dedicación intensa ao deporte, véndose en ocasións con dificultades para compaxinar a súa vida deportiva coa educativa e incluso profesional. Como é sabido, incluso esta dedicación ao deporte pode provocar que os/as deportistas abandonen os estudos e/ou a súa vida laboral, coas consecuencias que isto pode ter para o seu futuro, tendo en conta que a carreira deportiva xeralmente non é moi longa. Trátase pois, de continuar coas axudas económicas que anualmente destina a Fundación Deporte Galego aos/ás deportistas galegos/as de alto nivel

B. Recursos humanos empregados na actividade.

Tipo	Número (previsto)	Nº horas/ano (previsto)
Persoal asalariado	5	1.165
Persoal con contrato de servizos	0	0

Persoal voluntario	0	0
---------------------------	---	---

C. Beneficiarios ou usuarios da actividade.

Tipo	Número (previsto)
Persoas físicas	400
Persoas xurídicas	
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

D. Obxectivos e indicadores de realización da actividade.

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Consolidar as convocatorias de axudas a deportistas galegos/as de alto nivel	Deportistas galegos/as de alto nivel beneficiarios (homes e mulleres)	Estimación (120 e 80)
Desenvolver actividades divulgativas sobre a compatibilización da carreira deportiva, educativa e profesional	Número de actividades	1

ACTIVIDADE A003. PATROCINIO ÁS ENTIDADES DEPORTIVAS DE ALTO NIVEL DE GALICIA

- **Identificación:**

Denominación da actividade	Patrocinio ás entidades deportivas de alto nivel
Tipo de actividade	Propia
Identificación da actividade por sectores	G99: Deportivo para outros grupos
Lugar de desenvolvemento da actividade	Toda Galicia

Descrición da actividade prevista.

Este Plan de patrocinio supón un moi destacado pulo para a presenza do Deporte galego no máis alto nivel competitivo, a nivel estatal e internacional, das distintas modalidades deportivas comprendidas nel, garantindo o crecemento deportivo de entidades e deportistas destas especialidades, á vez que se reforza a presenza da marca DEPORTE GALEGO nas competicións deportivas ás que acoden os equipos patrocinados, atraendo a atención de novos patrocinadores que ven nesta iniciativa unha gran oportunidade de ligar a súa imaxe á do Deporte Galego e das entidades obxecto de patrocinio.

Dende os seus inicios na tempada 2009/2010, o Plan ten investido preto de 23.000.000 de euros nos equipos de alta competición de Galicia, mostrando a súa efectividade tanto no xenérico número de equipos apoiados (191 no exercicio 2019, fronte aos 89 da primeira edición do Plan no ano 2009), como especialmente no tocante ao deporte feminino: 28 equipos na tempada 2009/2010 e 85 na pasada tempada 2018/2019.

Entre as modalidades/especialidades deportivas incluídas ata o momento neste patrocinio figuran: atletismo, bádminton, baloncesto e baloncesto en cadeira

de rodas, balonmán, béisbol, bolos, ciclismo, esgrima, fútbol e fútbol sala, halterofilia, hóckey liña, hóckey a patíns, kaiak polo, piragüismo en pista, traíñas, rugby, tenis de mesa, triatlón e voleibol. Non obstante, ano tras ano vanse incorporando novas especialidades.

- **Recursos humanos empregados na actividade.**

Tipo	Número (previsto)	Nº horas/ano (previsto)
Persoal asalariado	7	2.997
Persoal con contrato de servizos		
Persoal voluntario		

- **Beneficiarios ou usuarios da actividade.**

Tipo	Número (previsto)
Persoas físicas	
Persoas xurídicas	200
Proxectos sen cuantificar beneficiarios	

- **Obxectivos e indicadores de realización da actividade.**

Obxectivo	Indicador	Cuantificación
Incrementar o número de equipos obxecto de patrocinio	Número de equipos	Incremento dun 5%
Incrementar o número de equipos femininos obxecto de patrocinio	Número de equipos femininos	Incremento dun 10%
Incrementar o número de equipos de alto nivel que contén na súa estrutura con categorías de base	Número de equipos con categorías base	Incremento dun 5%

4. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE EMPREGARÁ A ENTIDADE.

GASTOS / INVESTIMENTOS	PLAN GALICIA SAUDABLE	AXUDAS DGAN E PROGRAMA AT. DEPORTISTA	PATROCINIOS EQUIPOS ALTA COMPETICIÓN	TOTAL
Gastos por axudas e outros	0,00	300.200,00	0,00	300.200,00
a) Axudas monetarias	- €	300.000,00 €	- €	300.000,00
b) Axudas non monetarias	0,00	0,00	0,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e órganos de goberno	- €	200,00 €	- €	200,00
Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación	0,00	0,00	0,00	0,00
Aprovisionamentos	435.000,00 €	- €	- €	435.000,00
Gastos de persoal	316.905,64 €	29.222,26 €	85.246,11 €	431.374,00
Outros gastos de explotación	252.746,00 €	56.372,00 €	2.010.722,00 €	2.319.840,00
Amortización do inmovilizado	245.772,47	13.654,03	13.654,03	273.080,52
Deterioración e resultado por alleamento do inmovilizado	0,00	0,00	0,00	0,00
Gastos financeiros	- €	- €	- €	0,00
Variacións de valor razoable en instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
Diferenzas de cambio	0,00	0,00	0,00	0,00
Deterioración e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	0,00	0,00	0,00	0,00
Impostos sobre beneficios	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal de gastos	1.250.424,11	399.448,28	2.109.622,13	3.759.494,52
Adquisicións de inmovilizado (agás Bens Patrimonio Histórico)	10.000,00	0,00	0,00	10.000,00
Adquisicións Bens Patrimonio Histórico	0,00	0,00	0,00	0,00
Cancelación débeda non comercial	0,00	0,00	0,00	0,00
Subtotal investimentos	10.000,00	0,00	0,00	10.000,00
TOTAL RECURSOS EMPREGADOS	1.260.424,11	399.448,28	2.109.622,13	3.769.494,52

*O Plan de actuación remitido ao Parlamento de Galicia cos orzamentos da Xunta de Galicia, por criterio da normativa de elaboración de orzamentos, non inclúe na cuantificación económica das actuacións, a amortización do inmovilizado, motivo polo cal existe unha diferenza de 273.080,52 euros entre este orzamento e o orzamento do PAIF.

5. PREVISIÓN DE RECURSOS ECONÓMICOS QUE OBTERÁ A ENTIDADE

5.1. Previsión de ingresos que obterá a entidade

INGRESOS	IMPORTE TOTAL
Rendas e outros ingresos derivados do patrimonio	0,00 €
Vendas e prestacións de servizos das actividades propias	168.000,00 €
Ingresos ordinarios das actividades mercantís	1.133.576,14 €
Subvencións do sector público	2.211.384,00 €
Achegas privadas	0,00 €
Outros tipos de ingresos	227.160,95 €
TOTAL INGRESOS PREVISTOS	3.740.121,09 €

6. MEMORIA EXPLICATIVA DO CUMPRIMENTO DO OBXECTO FUNDACIONAL MEDIANTE A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PREVISTAS NO PLAN DE ACTUACIÓN

Con este Plan de actuación, a Fundación Deporte Galego pretende dar cumprimento ao seu obxecto social, establecido no artigo 6 dos estatutos fundacionais: “fins e actividades fundacionais”.

Para iso, e tomando como referencia cada un dos puntos establecidos neste artigo dos estatutos, debemos sinalar o seguinte:

- Como eixo transversal a todas as actuacións desenvolvidas anualmente pola Fundación, prima a colaboración coas administracións e con institucións e entidades, públicas e privadas, en multitude de actividades, accións e programas. Será habitual no 2020, a colaboración con Universidades, empresas e o tecido asociativo galego de forma xeral e o deportivo en particular. A Fundación sempre pretende xerar ferramentas e modelos que faciliten o traballo cooperativo entre todos os axentes implicados, co obxecto de que aqueles sexan sostibles no tempo, tentando sempre “empoderar” á cidadanía para que incorpore nas súas vidas hábitos saudables e concretamente a práctica de actividade física na súa vida cotiá.
- A organización directa por parte da Fundación de eventos, actividades formativas, grupos de traballo, etc.... ou o apoio a actividades organizadas por terceiros, deben ser e serán a concreción das actividades sinaladas neste documento.
- A promoción do deporte galego de alto nivel e outro dos fins fundacionais e está permitindo por unha banda, obter grandes resultados polos clubs e deportistas e por outra, incrementar o número de equipos de alto nivel con estrutura de deporte base que participan en competicións nacionais e internacionais. O deporte de alto nivel e o

deporte base deben ir sempre da man, xa que as entidades e deportistas de alto nivel son o espello no que se mira o deporte base, e o deporte base é o xermolo do que pode ser no futuro o deporte de alto nivel pero sobre todo o que pode ser, e debe ser, unha sociedade galega saudable e fisicamente activa. Por outra banda, o outorgamento de axudas e patrocinios da Fundación, lle ofrece un destacado retorno ao deporte galego e a Galicia, a través dos excepcionais resultados deportivos dos/as nosos/as deportistas e sobre todo da extraordinaria empatía e orgullo que lle xera á sociedade galega o número de deportistas que cada ano representa á nosa comunidade nas competicións estatais e internacionais de máxima relevancia, como son os Xogos Olímpicos/Paralímpicos, Campionatos do Mundo e de Europa, entre outras múltiples competicións.

- Os estatutos fundacionais recollen tamén entre as súas prioridades a realización de actividades encamiñadas á captación de recursos e ao estímulo do mecenado das entidades e institucións para o apoio do deporte e dos/as deportistas galegos/as, así como tamén a realización de actividades dirixidas a involucrar os medios de comunicación no proceso de divulgación e promoción da actividade física, do deporte e dos/as deportistas galegos/as. Traballarase para fomentar a comunicación das actividades propias e as subvencionadas ou patrocinadas. Preténdese mellorar a identidade corporativa nas campañas de comunicación e conseguir unha comunicación áxil e rápida cos cidadáns.
- No relativo ás instalacións deportivas, como en exercicios anteriores, tal e como lle encomendou a Xunta de Galicia cando lle cedeu os centros deportivos sinalados nos estatutos, a Fundación continuará xestionando estes, directa ou indirectamente, co obxecto de garantir o mellor servizo

posible aos cidadáns, favorecendo que cada vez máis galegos e galegas practiquen actividade física de xeito regular.

Para desenvolver o Plan de actuación descrito, atendendo ás prioridades citadas, a Fundación organízase do seguinte xeito:

a) Órgano de goberno: Padroado.

Está integrado por unha Presidenta, un Vicepresidente e catro Vogais, e disporá dun Secretario, quen asistirá ás súas reunións con voz, pero sen voto, debendo levantar a correspondente acta.

Con independencia das funcións que lle atribúen os estatutos, a título unicamente enunciativo, serán facultades do Padroado:

- Cumprir os fins fundacionais e administrar con dilixencia os bens e dereitos que integran o patrimonio da Fundación mantendo plenamente o seu rendemento e utilidade.
- Fixar as liñas xerais sobre a distribución e aplicación dos fondos dispoñibles entre as finalidades da Fundación.
- Acordar a apertura e peche dos seus centros, oficinas e delegacións.
- Aprobar o plan de actuación e as contas anuais, que serán obxecto de presentación ao Protectorado.
- Determinar os criterios de actuación e os procedementos xerais aos que deba suxeitarse a Fundación, que en todo caso axustaranse á normativa que lle é de aplicación.
- Acordar a adquisición, enaxenación e gravame de bens mobles ou inmobles para ou pola Fundación, subscribindo os correspondentes contratos.

- Aprobar o cadro de persoal.
- Aprobar as bases dos procesos selectivos do persoal.
- Nomear e cesar ao Director-Xerente, por proposta da Presidenta do Padroado.

Particularmente, correspóndenlle á Presidente da Fundación as seguintes atribucións:

- Convocar as xuntanzas do Padroado, establecendo a súa orde do día, presidíndoas e dirixindo os seus debates.
- Representar á Fundación ante todo tipo de institucións públicas e persoas físicas ou xurídicas privadas, sendo o encargado de subscribir os acordos relativos ao establecemento de colaboracións destinadas á obtención de recursos económicos, agás nos supostos nos que expresamente se habilite a outro membro do Padroado.
- Seguindo as directrices do Padroado, dirixir a organización e actividades da Fundación, sen prexuízo das funcións encomendadas ao Director-Xerente.

Corresponderá ao Vicepresidente realizar as funcións do Presidente nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade, podendo actuar tamén en representación da Fundación, naqueles supostos en que así se determine por acordo do Padroado.


b) Órgano de xestión: Director-Xerente. A título meramente enunciativo, corresponderán ao Director-Xerente as seguintes atribucións:

- Propor, en base ás directrices emanadas do Padroado e do/da Presidente/a, os plans periódicos de actuación, así como os plans, proxectos e actividades a realizar, cos orzamentos necesarios para levalos á práctica.

- Velar polo cumprimento dos programas, plans, proxectos e actividades dentro do orzamento asignado e adoptar as medidas axeitadas para levalos á práctica.
- Coordinar a organización do traballo, dirixir e facer seguimento do persoal da Fundación e propor anualmente a relación de postos de traballo.
- Formular o plan de actuación para a súa presentación e aprobación polo Padroado.
- Realizar os traballos precisos para a elaboración e formulación das contas anuais e da memoria de cada exercicio, así como para os seguimentos periódicos da actividade e do orzamento e os informes que lle fosen requiridos.
- Administrar o orzamento de ingresos e gastos da Fundación, así como os cobros e pagos e os investimentos, nas condicións establecidas polo Padroado.
- Representar á Fundación diante dos/as usuarios/as, clientes, provedores, patrocinadores, colaboradores, traballadores, Administracións Públicas, etc..
- Elaborar a documentación a presentar aos órganos da Fundación e cantos informes soliciten, así como executar as propostas que aproben.
- Aprobar a celebración de acordos, convenios e contratos que sexan de interese para a Fundación, segundo os poderes especificamente atribuídos polo Padroado.
- Todas aquelas que, de maneira explícita, lle sexan atribuídas polo Padroado na súa condición de xestor/xestora ordinario/a da Fundación.

c) Equipo de xestión: 8 traballadores/as.

A nivel operativo, para o desenvolvemento do Plan de actuación por parte do persoal da Fundación Deporte Galego establécense catro áreas de traballo, atendendo a criterios de relevancia e peso dos contidos de cada área en relación ao montante do orzamento e á carga de traballo. Así mesmo, establécese un área de administración e contabilidade que da soporte a todos os procedementos transversais das áreas técnicas. A representación destas áreas de traballo estruturase como segue:



O sistema de traballo é sempre interdisciplinar, debido ao reducido número de efectivos fixos cos que conta a Fundación para o desenvolvemento de todas as actuacións. Non é posible contar con coordinadores e persoal específico e diferente en cada área porque a carga de traballo por área non é homoxénea durante todo ano, de xeito que en determinados meses un área pode ocupar a todos os efectivos mentres as outras non teñen actividade.

De tal xeito, para establecer un sistema de xestión eficiente, o xerente coordinada todas as áreas é o resto do persoal distribúese en cada unha segundo a porcentaxe de carga de traballo que se estima que vai desenvolver. No exercicio 2019 preténdese continuar coas áreas de traballo vixente, que se concretan como sigue:

a) Área de Alto nivel.

Responsabilizarse das convocatorias de axudas a deportivas, dos convenios e contratos de patrocinio nas súas fases de preparación, asignación, seguimento e xustificación.

O equipo de traballo previsto é:

- 1 director técnico para coordinar as actuacións con entidades
- 1 director técnico para coordinar as actuacións con deportistas.
- 1 director técnico de apoio.
- 2 auxiliares administrativas.

b) Área de fomento da actividade física e o deporte.

Responsabilizase da coordinación do Plan Galicia Saudable no marco do cal se están desenvolvendo as actuacións de fomento da actividade física e o deporte.

O equipo de traballo previsto é:

- 1 director técnico como coordinador do Plan.
- 3 directores técnicos de apoio.
- 1 auxiliar administrativa.

c) **Área de xestión de instalacións deportivas.**

Responsabilizase da xestión das instalacións cedidas pola Xunta de Galicia á Fundación, mediante sistemas de xestión directos ou indirectos.

O equipo de traballo previsto é:

- 2 directores técnicos coordinando a xestión das instalacións asignadas.
- 1 Coordinador de Instalacións deportivas.
- 1 auxiliar administrativa.

d) **Área de administración e contabilidade (transversal).**

Neste área aglutínase as tarefas de secretaría, contabilidade, administración da Fundación, así como a relación con patrocinadores, colaboradores e provedores.

O equipo de traballo previsto é:

- 2 auxiliares administrativas
- 1 auxiliar contable